



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓN DO “CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza da Comisión Permanente de data 8 de setembro de 2021, acordou a realización da I edición do curso de especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social en colaboración coa Universidade da Coruña, co obxecto de encher o baleiro de formación respecto das actividades marítimo-pesqueiras, que non acaban de ter a súa correspondente entidade no ámbito das titulacións universitarias galegas relacionadas coa docencia e coa investigación do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

O curso é proposto dende a colaboración de dúas institucións públicas que entenden a importancia destas actividades marítimo-pesqueiras, especialmente en Galicia, así como a necesidade de formación nese eido. Ademais, este curso tamén persegue ofrecer formación que axude a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que realizan (por conta allea e por conta propia) actividades marítimo-pesqueiras.

Diríxese o curso ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presenza de alumnado procedente doutras universidades), así como a persoas profesionais que están relacionadas, directa ou indirectamente, con este traballo tan singular e precisan coñecer (ou seguir coñecendo con máis detalle) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.

Con este propósito formativo, tense proposto pola Universidade da Coruña e o Consello Galego de Relacións Laborais este curso de especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social.

Existe converxencia de intereses entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña en orde á consecución do obxecto referido, polo que se considera necesaria a subscripción dun convenio de colaboración para resolver a concesión directa dunha subvención a esa universidade, conforme ao disposto no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O convenio axústase ao disposto no artigo 26. 2 da citada Lei de subvencións de Galicia e ten por obxecto establecer os compromisos aplicables e as condicións polas que se

rexerá a colaboración entre as dúas entidades referidas para a realización do CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL, que se desenvolverá desde o 23 de marzo ata o 11 de maio de 2022. O período de vixencia do convenio estenderase dende a súa data de sinatura ata o 29 de xullo de 2022.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade da Coruña unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.10. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social*, mediante a achega de TRECE MIL CATROCENTOS EUROS (13.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.10, denominada "Subvención á Universidade da Coruña", na que está previsto crédito axeitado e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta ao convenio como **Anexo II.**

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

A Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais



Cristina Fabeiro Varela